



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRINTA E CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencia dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Manuel Domínguez Álvarez, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Marcial Garcia Freijeiro, Juan Jose Rodríguez Grandal, M^a Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez, Rosa Fernández González e Silvia Díaz Iglesias; escusa a non asistencia a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

4275.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 28 DE XUÑO DE 2016, NÚM. 533.- Dáse conta da acta anterior do 28 de xuño de 2016, correspondente á sesión número 533 e ao non presentarse alegación ou observación ningunha á mesma de conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais esta queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

4276- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta do estado de execución e que son os que seguen: “4271.-INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 15/2016 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO PARA GASTOS XERAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no BOP de Pontevedra; 4272.- MOCIÓN DE SILVIA DÍAZ IGLESIAS, CONCELEIRA NON ADSCRITA, SOBRE A DECLARACIÓN DE “MUNICIPIO OPOSTO AO ACORDO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO (TTIP)”.. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y Ministerio de Economía y Competitividad; 4273.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA ZONA DE XOGO HOMOLOGADA, INCLUSIVA E ACCESIBLE, E DE PISTAS POLIDEPORTIVAS NA PARROQUIA DE SAMIEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo.”.

A Corporación dáse por enterada.

4277.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario realizado e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais

asuntos que figuran na orde do día.

4278.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DO INFORME CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2016: CUMPRIMENTO LEI 5/2013, IMPULSO FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E LEI 15/2010 DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN AS MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Dáse conta do ditame emitido con data 18 de xullo de 2016 pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di textualmente: “Dáse conta do expediente formado e do Informe conxunto emitido pola Intervención Accidental e da Tesourería Xeral de data 1 de xullo de 2016 do segundo trimestre do 2016 sobre o cumprimento da previsión establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2014, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade.

En dito informe, entre outros extremos ponse de manifesto que do informe derivado dos datos obrantes no programa de contabilidade do que se dispón, as facturas que se atopan a 30 de xuño de 2016 pendentes de pago fóra do período legal de pago ascenden a 3 facturas e a un total de 33.615,02 €, por outra parte, as facturas pendentes de pago dentro do prazo de pago ascendían a 45 facturas e a unha cantidade de 31.879,01 €.

Así o período medio de pago pendente (PMPP) das facturas rexistradas ascendeu no segundo trimestre do exercicio 2016 segundo o cálculo efectuado polo programa contable existente, salvo erro ou omisión involuntaria a 47,56 días.

Ademais os pagos realizados no segundo trimestre do exercicio 2016 dentro do período legal de pago ascendían a 30 de xuño de 2016 a un total de 974 facturas e a unha cantidade de 1.022.631,61 € e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño, a un total de 25 facturas e a unha cantidade de 38.088,05 €.

Consta no expediente xustificación de remisión dos datos ao que fai referencia dito informe con data 01/07/2016.

Non suscitándose debate ningún a Comisión dáse por enterada do trámite realizado.”

A Corporación dáse por enterada do contido do informe emitido e do trámite realizado.

4279.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ICIO CORRESPONDENTE AO EXP. 424/15 DE OBRAS EN RUA SAN ROQUE, 38 DE COMBARRO.- Dáse conta do ditame emitido con data 18 de xullo de 2016 pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di textualmente: “Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. Darío Castro González presentada no Rexistro con data 04 de decembro de 2015, número 6101 no que solicita bonificación na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en virtude do expediente de urbanismo nº. 424/15 relativo a “Rehabilitación vivenda unifamiliar en rúa San Roque, 38 de Combarro”. Consta no expediente informe favorable emitido pola Intervención Accidental con data 29 de xuño de 2016.

Non suscitándose debate ningún sométese a votación a proposta da alcaldía de data 15 de xullo de 2016 que consta no expediente informándose favorablemente pola unanimidade dos membros presentes propoñendo ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Proceder a practicar unha liquidación por importe de 1.416,06 € en concepto de ICIO con relación ao expediente 424/15 relativo a obras de “Rehabilitación vivenda unifamiliar en rúa San Roque, 38 de Combarro”.

Segundo: Prestar aprobación a concesión dunha bonificación do 95% na cota do ICIO.

Terceiro: Dar traslado do acordo que adopte o Pleno ao solicitante con indicación dos recursos que procedan.”.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu

número legal de membros presta aprobación ao ditame emitido pola comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitido con data 18 de xullo de 2016 adoptándose os seguinte acordo:

Primeiro: Proceder a practicar unha liquidación por importe de 1.416,06 € en concepto de ICIO con relación ao expediente 424/15 realtivo a obras de “Rehabilitación vivenda unifamiliar en rúa San Roque, 38 de Combarro”.

Segundo: Prestar aprobación a concesión dunha bonificación do 95% na cota do ICIO.

Terceiro: Dar traslado do acordo ao solicitante con indicación dos recursos que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

4280.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN ICIO CORRESPONDENTE AO EXP. 418/15 DE OBRAS EN AVDA. DA CRUZ, 22 BX DE COMBARRO.- Dáse conta do ditame emitido con data 18 de xullo de 2016 pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di textualmente: “ Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D^a. María del Carmen Chapela Esperón presentada no Rexistro con data 01 de decembro de 2015, número 6022 no que solicita bonificación na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en virtude do expediente de urbanismo nº. 418/15 relativo a “obras interiores en vivenda situada en Avda. Da Cruz, 22-baixo – Combarro”. Consta no expediente informe favorable emitido pola Intervención Accidental con data 14 de xullo de 2016.

Non suscitándose debate ningún sométese a votación a proposta da alcaldía de data 15 de xullo de 2016 que consta no expediente informándose favorablemente pola unanimidade dos membros presentes propoñendo ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Proceder a practicar unha liquidación por importe de 215,32 € en concepto de ICIO con relación ao expediente 418/15 realtivo a obras interiores en vivenda situada en Avda. Da Cruz, 22-baixo –Combarro.

Segundo: Prestar aprobación a concesión dunha bonificación do 95% na cota do ICIO.

Terceiro: Dar traslado do acordo que adopte o Pleno á solicitante con indicación dos recursos que procedan.”.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros presta aprobación ao ditame emitido pola comisión informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitido con data 18 de xullo de 2016 adoptándose os seguinte acordo:

Primeiro: Proceder a practicar unha liquidación por importe de 215,32 € en concepto de ICIO con relación ao expediente 418/15 realtivo a obras interiores en vivenda situada en Avda. Da Cruz, 22-

baixo –Combarro.

Segundo: Prestar aprobación a concesión dunha bonificación do 95% na cota do ICIO.

Terceiro: Dar traslado do acordo ao solicitante con indicación dos recursos que contra o presente, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

4281.- PERSOAL, MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL E ADAPTACIÓN AO ACORDO REGULADOR PERSOAL FUNCIONARIO.- Dáse conta do ditame emitido con data 18 de xullo de 2016 pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di textualmente: “Dáse conta do escrito subscrito por D. Jerónimo Fernández Vicente, en calidade de coordinador da Administración Local da Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF) e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Poio con data 01 de abril de 2016 número 1695, coa finalidade de adaptación do texto do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Poio ao acordo regulador do persoal funcionario así como de adaptación de ambos textos á normativa actual en materia de permisos, licenzas, excedencias etc.

Dita proposta foi remitida aos distintos representantes para o seu coñecemento con data 04 de abril de 2016 así como para introducir calquera modificación que considerasen oportuna.

Modificación do convenio colectivo para igualar ao acordo regulador.- Artigo 9 (xornada laboral), Artigo 10 (traballo en período nocturno e festivo) Artigo 11 (calidade dos servizos. Regulación e xustificación de ausencias) Artigo 12 (vacacións anuais), Artigo 13 (permisos licenzas, excedencias e situacións administrativas), artigo 14 (Común a permisos e licenzas), Artigo 20, 21 e 22 (oferta de emprego, sistema de selección e órganos de selección) artigo 27 (redistribución de efectivos e comisión de servizos), artigo 29 (posto de traballo de segunda actividade), artigo 65 (fondo económico para melloras sociais) artigo 67 (préstamos sen xuro), artigo 71 (indemnización por razóns de servizo), artigo 73 (réxime de retribucións en procesos de baixa por enfermidade ou accidente), cláusula adicional sexta, sétima e oitava e engadir cláusulas final do acordo regulador.

Consta no expediente informes acta da Mesa de Negociación de data 07 de maio de 2016 favorable as modificacións presentadas engadindo o permiso por xestación que establece que: “As funcionarias e as laborais en estado de xestación, terán dereito a un permiso retribuído, a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo ata a data de parto.

No suposto de xestación múltiple este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo ata a data de parto”.

Constan no expediente informes emitidos pola Intervención Municipal con data 27 de maio de 2016 e Secretaria Xeral de data 15 de xullo de 2016, nos que se mostra a súa disconformidade con distintos aspectos das modificacións a introducir, ven por ter orixe e ter sido así xa informado con ocasión do convenio colectivo ou do acordo regulador, ou tratarse de nova incorporación, así como a forma na

que se presenta a documentación para informe e tramitación.

Non suscitándose debate ningún sométese a votación a proposta dos representantes dos traballadores presentada con data 01 de abril de 2016 xunto coa proposta da mesa de negociación no que se refire a inclusión do permiso por xestión que consta no expediente informándose favorablemente pola unanimidade dos membros presentes proponendo ao Pleno da Corporación a súa aprobación e que se realicen os trámites necesarios para a súa remisión á Consellería de Traballo e publicación no BOP.”.

Toma a palabra o Concelleiro Delegado de Persoal, o Sr. Martínez Blanco e explica aos asistentes que esta nova modificación plantexada pretende a equiparación dos dous textos (Convenio Colectivo do Persoal laboral e acordo regulador do persoal funcionario) así como adaptación á nova lei de emprego de Galicia, posterior á aprobación dos textos.

A Sra. Besada Lores manifesta o seu apoio ao expediente, xa que con esta medida, séguese a dar continuidade ás medidas do 2008, de igualar e equipar a todo o persoal do Concello nas mesmas condicións.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros presta aprobación ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitido con data 18 de xullo de 2016 adoptándose os seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á proposta dos representantes dos traballadores presentada con data 01 de abril de 2016 xunto coa proposta da mesa de negociación no que se refire a inclusión do permiso por xestión e que se realicen os trámites necesarios para a súa remisión á Consellería de Traballo e publicación no BOP.

4282.- CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DA POIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS.- Antes de comezar o tratamento do presente asunto sométese á votación á inclusión do mesmo na orde do día ao non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha, a que queda aprobada polo voto favorable da maioría dos membros presentes.

A continuación pola Secretaria Xeral dáse conta do borrador do convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Poio para a execución das obras de ampliación e reforma do Centro de Saúde de Anafáns que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o 20 de xullo de 2016, número 3853 e que ten como obxecto establecer a colaboración entre o Concello de Poio e o Servizo Galego de Saúde para a ampliación do devandito centro de saúde e que consta de dez cláusulas.

A Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 26 de xullo de 2016 emite ditame favorable ao texto-borrador do convenio.

O Sr. Moldes Martínez toma a palabra e manifesta que están de acordo co texto do convenio e solicita que por parte do equipo de goberno se teña en conta para os vindeiros presupostos a mellora do aparcadoiro (compra de terreos, humanización da zona...) xa que se trata dunha zona bastante problemática en cuestión de aparcadoiro e tráfico.

O Sr. Agís Gómez contesta que están traballando para ver cales son as posibilidades que permita mellorar a situación actual.

O Sr. Alcalde explica que estan de acordo co convenio, pero que xa se levan moitos anos traballando na situación dos centros de saúde, xa que no ano 2008 se asinou un convenio co SERGAS

para a cesión do centro de saúde, previa desinfección, e que despois se parou o tema, agora parece que se vai a reanudar, de feito no día de mañá está previsto asinar un novo convenio, nos apostamos que os centros sexan asumidos polo SERGAS e pedimos que as promesas realizadas polo Xerente non se queden no aire, que se cumpran e que non sexan actos electoralistas.

A Sra. Besada Lores di que están de acordo coa ampliación do aparcadoiro, xa que hai problemas, pero tamén lle gustaría que se definira un pouco as actuacións que se van acometer e o alcance da ampliación, e ao igual que manifesta o Sr. Alcalde pedimos que non se quede nunha medida electoralista.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a aprobación do texto do borrador do devandito convenio o que queda aprobado polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao borrador do convenio de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Poio para a execución das obras de ampliación e reforma do Centro de Saúde de Anafáns.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo Galego de Saúde para os trámites sucesivos do expediente.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do devandito convenio.

4283.- DAR CONTA DA OBRIGA DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN RELACIÓN AOS DATOS REFERENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO EJERCICIO 2016, ORDE HAP2082/2014, DO 7 DE NOVIEMBRE.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais pola Secretaría Xeral dáse conta do expediente formado pola intervención municipal na que se fai constar que con data 26 de xullo de 2016 remitiuse a execución trimestral correspondente ao segundo trimestre de 2016 en cumprimento da obriga contemplada na orde do HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro.

A Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4284.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA COMPLEMENTARIA PARA O PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE POIO INTEGRADO NA SEGURIDADE SOCIAL.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais pola Secretaría Xeral dáse conta do expediente tramitado e que foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 31 de maio de 2016 e que unha vez aberto o prazo de licitación mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 28 de xuño de 2016 número 122 e no Perfil do Contratante non se presentou oferta ningunha e tendo en conta que o prazo establecido no artigo 161.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público remata o vindeiro 19 de setembro de 2016 e ao non preverse a realización de pleno no mes de agosto e coa finalidade de iniciar un novo procedemento compre que se declare deserto polo Pleno.

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar deserto o procedemento para a contratación do servizo de seguro de asistencia sanitaria complementaria para o persoal funcionario do Concello de Poio integrado na Seguridade Social ao non presentarse dentro do prazo de presentación ofertas proposición ningunha.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación para a formación dun novo expediente para a adxudicación do devandito seguro de asistencia sanitaria.

MOCIÓNS URXENTES.- Non se presentan. **ROGOS.-** Non se presenta. **PREGUNTAS.-** O Sr. Moldes Marínez pregunta ao Sr. Alcalde cal é a postura do Concello en relación ao convenio con ENCE así como a da invitación formulada ao Concelo.

O Sr. Alcalde contesta que a postura do Concello é de non participar na proposta que realizaron sendo clara a nosa postura.

O Sr. Moldes Martínez pregunta á Concelleira de Deporte se xa se valorou a petición de convocatoria do Pleno do Consello de Deportes.

A Sra. Caldas Moreira contesta que recibiu o escrito e que están valorando as posibilidades que existen.

INTERPELACIÓNS.- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.